

O PSOE reclama á Xunta o cumprimento de construír unha nova EDAR en Monforte, incluíndo a súa execución nos Orzamentos de 2015

Os socialistas pedíronlle ao Executivo que “poña fin a este grave situación”, pois as augas que nela se depuran, e que desembocan directamente no río Cabe, son contaminantes; feito que provoca que o concello se vise obrigado a pagar distintas sancións e que impide que as empresas se poidan instalar no polígono de Reboredo, tal e como indica un informe municipal

“Sen cartos non hai inversión, e sen inversión non hai obras”, subliñaron. E é que xa pasaron dous anos dende que o ex Conselleiro manifestou a vontade de redactar o proxecto de construción e tres dende que o PP, a instancias dunha iniciativa do PSOE, votou a favor, no Parlamento de Galicia, de que o Executivo constrúise a nova depuradora

Para os socialistas, que a Xunta inclúa esta infraestrutura nas contas do vindeiro ano, supón “unha oportunidade extraordinaria para emendar o castigo perpetrado polo Partido Popular” ao respecto deste asunto nos últimos anos”, de tal xeito que agardan “o PP da Xunta non castigue a Monforte nos Orzamentos para Galicia como fixo o PP de Rajoy nos Orzamentos do Estado”

MONFORTE DE LEMOS, 16 DE OUTUBRO DE 2014.- Os deputados autonómicos –Juan Carlos González Santín e Vicente Docasar-, e o voceiro do PSOE en Monforte de Lemos –José Tomé Roca-, solicitaron este xoves á Xunta de Galicia que cumpra o compromiso asumido en 2012, durante unha visita realizada polo ex conselleiro de Medio Ambiente a este municipio, e inclúa nos Orzamentos de 2015 unha partida para a contrución dunha nova EDAR, co fin de buscar unha solución ás deficiencias que presenta na actualidade a actual infraestrutura, e que están a provocar que as augas que nela se depuran, e que desembocan directamente no río Cabe, sexan contaminantes.

Deste xeito, logo de comprobar “in situ” as deficiencias que presenta a potabilizadora, e dado que “está en xogo” a salubridade dos cidadáns da zona urbana e do polígono de Reboredo, pedíronlle ao Goberno galego que “poña fin a este grave situación”, tal e como xa se demandou en distintas ocasións dende o concello, a instancias das propostas presentadas en Pleno polo grupo municipal do PSOE, e que todas elas foron aprobadas por unanimidade. “Reclamamos que as palabras dos dirixentes da Xunta e do PP se fagan realidade, e que non actúen como coa proposta que presentamos no debate do Estado de Autonomía para impulsar, por exemplo, a A-76, á que os deputados do Partido Popular tamén se opuxeron”. En resumo, precisaron, “agardamos que o PP da Xunta non castigue a Monforte nos Orzamentos para Galicia como fixo o PP de Rajoy nos Orzamentos do Estado”.

A este respecto, incidiron en que “sen cartos non hai inversión, e sen inversión non hai obras”. E é que xa pasaron dous anos dende que o ex Conselleiro manifestou a vontade de redactar o proxecto de construción e tres dende que o Grupo Parlamentario do PP, a instancias dunha iniciativa do PSOE, votou a favor de que o Executivo constrúise a nova EDAR, dotada con 7 millóns de euros. “Pero, a realidade é que, tanto en 2013 como en 2014, os Orzamentos autonómicos non recolleron nin un só euro para esta infraestrutura tan necesaria para Monforte”, afirmaron.

Sancións considerables

González Santín, Docasar e Tomé Roca realizaron esta petición debido a que a depuradora actual, que se sitúa na parroquia de Piñeira, ten grandes eivas e é insuficiente, sobre todo, en época de choivas que é cando verte sen depurar. Precisamente, esta irregularidade no funcionamento é a que está a provocar que varias empresas non se poidan instalar no polígono de Reboredo, limitando así o desenvolvemento industrial do municipio, tal e como revela un informe emitido polo concello, e que a entidade local xa se vise obrigada a pagar distintas sancións. A última foi interposta pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil. Ascende a 64.000 euros, e foi aprobada no último Pleno extraordinario.

O PP “tumbou” as insistencias do Partido

Para o PSOE, que a Xunta inclúa esta infraestrutura nas contas do vindeiro ano, supón “unha oportunidade extraordinaria para emendar o castigo perpetrado polo Partido Popular ao respecto deste asunto durante os últimos anos, no Parlamento de Galicia”.

A última vez que os deputados populares “tumbaron” a proposta dos socialistas foi no mes de xuño. Nesa data, os deputados deste Partido, en resposta á emenda formulada polos populares e logo de que a voceira do PP recoñecese publicamente que o propio informe emitido en 2013 por Augas de Galicia recolle claramente as deficiencias da rede de abastecemento do municipio monfortino, propuxeran unha ampliación dos prazos para facilitarlle ao Goberno galego a execución desta infraestrutura. Estes cambios, que, finalmente tamén foron declinados polo Partido Popular, eran os seguintes: que o proxecto de construción estivera listo a finais 2014; que a licitación, adxudicación e comezo das obras se concrete en 2015; e que o Goberno galego incluíra nos orzamentos de 2015 unha partida económica específica para que a nova EDAR fora unha realidade, e deixara de ser unha virtualidade.

Hai 5 anos todas as depuradoras estaban licitadas

En 2009, todas as depuradoras planificadas en Galicia estaban licitadas, agás dúas, a de Poio (Sanxenxo) e a de Ribeira (A Coruña). Nese ano, o Partido Popular criticaba que, lamentablemente, Galicia estaba perdendo oportunidades de avanzar, sen posibilidade de recibir as subvencións da Unión Europea e coa conseguinte imposición de sancións se non se acometía a mellora das instalacións previstas. Pero, hoxe, este problema continúa existindo. De feito, en abril do ano 2011, e no pasado mes de outubro, o Tribunal de Xustiza da UE sancionou a España polos seus incumprimentos en Galicia.

O maior número de incumprimentos que figuran no documento de traballo da Comisión de Peticións do Parlamento europeo conclúe, entre outras cuestións, que existen zonas nas rías que aínda son moi produtivas, pero que están en grave perigo se non se toman medidas; unha realidade da que non escapa o Concello de Monforte por mor da deficitaria EDAR. Por este motivo, o PSOE fixo hoxe esta petición á Xunta de Galicia, ao tempo que demandou que a Consellería fixe os prazos para acometer esta infraestrutura, co obxectivo de atallar a grave turbiedade das augas residuais que nela se depuran, e que están a converter ao río Cabe nun gran foco contaminante.